

Nos últimos tempos, a poesía galega está a rexistrar a gozosa aparición dunha fornada de escritores e escritoras novos: Miro Villar, Francisco Souto, Lema Mouzo, Millán Otero, Xosé Pablo Bayo, Rafael Lema, Iolanda Castaño, Marta Dacosta, Lupe Gómez... Esta aparición nutre e arrequece o xa de seu plural panorama poético galego. Fronte ao acontecido noutros tempos, este novo grupo ou conxunto non arrastra nen postula un afán exclusivista ou recetario que lle impida conviver e mesmo entroncar coas propostas estéticas anteriores.

Se tivéssemos que sinalar que características o definen, falaríamos do predomínio nos textos, basicamente, destas tres. A primeira, unha "desbarroquización" das formas, que conleva o uso dunha linguaxe máis directa e a busca dunha aparición sinxela, sen ser descoitada, para o poema. A segunda, un certo proceso de "sinceramento" da expresión poética, que se fai máis confesional, máis íntima, máis directa e que xira, xa que logo, sobre a vivencia de temas e motivos como o amor, a vida, a pátria, a morte... Trata-se dunha poesía densa, chea de contidos e emocións, que procura e necesita un lector/a disposto a compartir vivencias e desgarrs, tenruras e indignacións... Por último, cabe sinalar nunha parte deste conxunto de novos/as poetas unha renovada querencia polo do tema da pátria galega nos seus versos.

Un dos autores que mellor representa, ao noso entender, todas as características e as mellores virtudes desta nova promoción poética é Rafa Villar (Cee, 1968). Colaborador da "Revista das Letras" (suplemento cultural do xornal "O Correo Galego"), filólogo e técnico en normalización lingüística, militante nacionalista e "soldado" do recentemente constituído "Batallón Literario da Costa da Morte", Rafa Villar ten editados xa catro volumes poéticos, todos eles dignos de destacar.

Polo seu primeiro libro, Liques da memoria (1993), recibiu o premio de poesía "Fermín Bouza Brei". Trata-se dun conxunto de corenta e catro poemas, a maioría de corte intimista, que revelan, ante todo, a procura e o encontro da propia identidade, os achádegos vitais dun mozo que abandona o cálido espazo da infancia para asumir a madurez e vivir "unha implacábel nostalgia do futuro". As lembranzas e os pousos da memoria (os "liques") explican un presente colmado de voz:

Das palabras

axiña procurei seus misterios

para ser dono do silencio

e nas noites

reter os significados máis ocultos


na luz dos versos

dos vellos poetas

O seguinte libro, titulado O devalo do mar, foi autoeditado por Rafa Villar en 1994. O montante dos escasos beneficios económicos que as vendas desta obra puidesen supoñer destinou-no á Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), entidade ecoloxista galega que edita a revista EUBALAENA. Constitue un libro fundamentalmente amoroso, composto por aproximadamente meio cento de poemas breves, depurados, de expresión limpa e contida. Hai

As singraduras de Rafa Villar

Por Emilio Xosé Ínsua



ecos do compromiso solidario ("Desde este humilde cuarto / de obreiro / prométoche a fin da tiranía") e momentos de erotismo concentrado e estremecedor (Ven / a esta furna / que é a miña boca / e dime despois / como escapar / se sobe a maré"). Mares, naufraxios, ondas, ventos e outros elementos de xinea mareira poboan o léxico e as metáforas deste poemario.

Nas encantadoras por atípicas Edicións do Dragón viu lume unha carpeta poética de Rafa Villar sob o título de No mesmo espazo (1995), con limiar de Francisco Alonso. Os poemas perderon aquí a continencia expresiva dos anteriores libros do noso poeta e derraman-se, alongando-se e complexizando-se, para exprimir, fundamentalmente, a idea da ausencia, que o enche todo. Hai nos versos unha acedume resignada ("Mesmo do frío se aprende a calor / e da nube o azul. / Consúmenos a ansia por volver / a vista atrás / para encontrarnos") e unha certa melancolía incurábel:

A natureza na literatura

"Tras a navegación / unicamente nos queda escrutar o horizonte. / O lonxe que nos uniu".

Finalmente, Rafa Villar é autor do deslumbrante A sotavento dunha singradura (Editorial Espiral Maior, Colección "A Illa Verde", 1995). Este volume marcará, sen dúbida, un punto de referencia inexcusábel en futuras abordaxes á poética galega dos autores máis novos de finais dos 90. Resulta unha esmerada combinación, chea de arte, de varios elementos, que agora enumeramos.

En primeiro lugar, unha visión épica da nosa historia colectiva. Non obstante, en contra da convención do xénero, os heroes son aquí precisamente os derrotados, galegos que conservan a dignidade a pesar de todo. Épica dos vencidos que alimentan, contra toda esperanza, a fe no futuro:

*"Vimos do vento, das nubes e a chuvia
fillos que somos do último inverno,
fillos do frío e a xeada,
de rostros gravados en dura pedra,
en mar aberto, xenerosa cruz
de pobo nobre, fieis á terra,
leais os corazóns
e encalecidas as mans (...)"*

Fronte á épica orgullosa dos guerreiros celtas pondaliáns, dispostos a non morrer sen loita, ou fronte á épica acesa dos labregos da lira de Cabanillas, que farian correr o sangue a regos antes de perderen a súa prezada liberdade, a épica de Rafa Villar é outra épica. E isto por dous motivos. En primeiro lugar, porque é unha épica onde cabe o desánimo, o desalento, a preocupación polo futuro, unha épica non necesariamente victoriosa. En segundo lugar, porque esa heroicidade non a protagonizan individuos tocados polo dedo divino, nen herois rimbombantes, nen sequera colectivos escolleitos, senón, como rezan os versos de Rafa, un "pobo humilde en xeneroso esforzo devecendo". Trátase dun pobo, o noso, negado "unha, dúas, tres e mil veces", obrigado a pasar o cáliz amargo "de man en man". Nos piores momentos, este pobo mesmo chega a dudar do seu propio existir, fica mudo, entrega con raiba a casa e defende humildemente habitá-la, perde a fe e bota de menos o sangue quente que un día no pasado o xunguiu. Mais, con todo, é o mesmo pobo que segue sentindo o pracer de bicar a terra "ainda de xeonllos", que ama con devoción o seu territorio ("quixemos os prados e os herbais") e que o fai florecer ("E tivemos o millo e a fariña. E repartimos o pan").

O segundo elemento é unha visión desa mesma historia como navegación, como un percurso, SINGRADURA, salferido e marcado por dificultades diversas, que aparecen nos poemas metafóricas en forma de naufráxios, tormentas, temporais, ventos, vagas... É, xa

Rafa Villar

A SOTAVENTO DUNHA SINGRADURA

ESPIRAL MAIOR
A Illa Verde

que logo, unha singradura feita A SOTAVENTO, co vento de cara, dura e difícil. O propio pobo é embarcación, nau; expulsado da utopia para o mar, debe esforzar-se en navegar movido por unha (son versos de Rafa) "ansia até o encontro coa historia, espiral fulxente, que agarda". E esta singradura coñece intres de dificultade ("somos derrota en nós mesmos/ se cadra inexistentes aínda somos") e intres de "afouteza nos puños pechos", de conquista ("mudamos a nosa condición de servos"), de resistencia ("quizais/ veñamos dunha ansia remota/ fincada/ nas ruínas/ da coraxe").

Finalmente, outro dos elementos que aparecen sabiamente combinados en A sotavento dunha singradura é a profunda pegada nos versos de Rafa da poesía do Manuel-António. Dende a grande metáfora da vida como navegación ou

viaxe (cfse. De catro a catro), pasando polo uso dun abundante e fermoso vocabulario de xinea mareira que inza os poemas (nau, esteiro, velame, temón, rumbo, ondas, ronsel, maré, áncora, area branca, cantil, espuma, océano, brisa, rosa dos ventos, cons, peirao, carabela, fisterra...) e terminando coa máis patente intertextualidade: as paradóxicas intencións de Manuel António no comezo da súa travesía (lémbrase: "Encheremo-las velas coa luz náufraga da madrugada... inventaremos frustradas descubertas... halarémos polo chicote dun meridián innumerado... encadearemos adeuses de espuma... xuntaremos cuadernos en branco..." etc.) parecen reviver nun dos poemas deste A sotavento dunha singradura, co que fechamos esta achega:

*"Navegamos insomnes en antigos veleiros
por mares imposíbeis
coa rosa dos ventos
dos nosos corazóns
guiando o destino.*

*Atracamos en portos inventados
para descubrir no espello da noite
o lume dos coitelos.*

*Fuximos dos ventos náufragos
que nos asexan desde os argazos,
das bágoas sucias
que deitamos na inútil viaxe
de tirarmos as redes rompidas
no ronsel do horizonte.*

*Recolleremos buguinas silenciosas
e peixes prateados e cantos de serea
que nos indiquen
a rota inequívoca
sen compases nin esferas*

*e sucaremos ondas ausentes
nun pélogo invisíbel. ■*